



BASES LIGA 2010 – 2ª división

INSCRIPCIÓN: 75 euros por equipo de seis xogadores (inclúe green fees toda a liga –excepto non abonados, que pagarán un green fee simbólico de 5 €-). Aqueles equipos que teñan máis de seis xogadores deberán pagar un plus de cinco euros por cada un deles. Poderán formar parte da liga de segunda división tódolos equipos novos e aqueles que non conseguiron clasificarse na liga anterior para xogar en primeira división.

DATAS: A liga comezará o 18 de abril de 2010 e xogarase os domingos pola mañá.

Modalidades: Como novidade este ano suprimírase a modalidade medal play, polo que só se xogarán seis xornadas, tres en stableford e tres en greensome. Nesta última modalidade xógase en parella e, polo tanto, será necesario que se presenten os dous membros do equipo para ter opción a xogar (se só se presentara un xogador, este puntuaría en último lugar). Tódalas modalidades serán handicap e efectuarase a modificación dos mesmo ó remate de cada xornada no caso de ser necesario.

Os equipos: Os equipo inscritos terán un mínimo de 6 xogadores e un máximo de 10, podendo ser estes xogadores non abonados, pero sempre terá que haber, polo menos un membro do equipo que sexa socio de Golpe. Cada equipo debe designar un capitán, que será o encargado de designar ós xogadores de cada ronda, así como de anotalos no prazo establecido.

Os xogadores poderán xogar na orde que consideren oportuna cada equipo, non sendo necesario que cada xogador teña un partido de cada modalidade. En calquera caso, un mesmo xogador non poderá xogar máis de 4 partidos en total. Cada día de partido xogarán dous membros de cada equipo. Cada equipo anotará ós dous xogadores que vaian participar esa fin de semana antes do domingo. De non ser así entenderíase que renuncian a xogar ese día.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN: poñeranse en xogo o dobre de puntos que equipos haxa para as competicións de carácter individual. No caso da modalidade greensome, os puntos en xogo serán catro veces o número de equipos que haxa inscritos, e tal forma que o último clasificado consigue catro puntos. Os puntos repartiranse ó final de cada xornada en función da posición de cada xogador na clasificación de ese día, levando a máxima puntuación o primeiro clasificado.

PROMOCIÓN: o premio para o primeiro clasificado será o ascenso directo a primeira división (onde si hai copa de liga). O segundo e terceiro clasificado xogará a promoción (o segundo co penúltimo de primeira e o terceiro co antepenúltimo). Para o partido de promoción xogarán só catro membros que elixa cada equipo baixo a modalidade medal handicap.

ACLARACIÓN:

Durante a competición, en caso de dúbida respecto á aplicación das bases da liga ou naquelas cuestións que non recollan as mesmas, permitirase xogar a calquera xogador inscrito, se ben a validez ou non da tarxeta quedará suxeita á decisión que tome a dirección.